



**EXPEDIENTE M2/2022 DE CONCESIÓN DUN CRÉDITO  
EXTRAORDINARIO E MODIFICACIÓN DO ANEXO DE  
INVESTIMENTOS DO ORZAMENTO DE 2022**

**Expediente M2/2022 de concesión dun crédito extraordinario e modificación do Anexo de investimentos do Orzamento 2022****MEMORIA DE ALCALDIA**

I.- Sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local o presente expediente, que ten por finalidade a realización dun gasto específico e determinado cuxa efectividade non se considera posible demorar ata o próximo exercicio, sendo inexistente o crédito orzamentario no presente exercicio. É competencia da Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de modificación orzamentaria en virtude do sinalado no artigo 127.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), en relación co artigo 179 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e a Base de Execución número 7 das do Orzamento do Concello. Será sometido á aprobación do Pleno da Corporación.

Na actualidade, a Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, o Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (LRFL) e o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da LRFL, establecen a normativa á que se deberán axustar as Corporacións Locais nos expedientes de concesión de créditos extraordinarios.

Neste expediente M2/2022 o crédito extraordinario é para atender o aboamento do importe ao que ascenden as obras adicionais realizadas no mercado Eusebio da Garda (praza de Lugo) pola Sociedad Anónima Internacional de Terrenos y Edificios (SAITE), aplicación 61.4312.62290. A este respecto, no acordo da Xunta de Goberno Local de 20/05/2011 recóllese como débeda recoñecida polo Concello en concepto de obras adicionais no mercado Eusebio da Guarda a favor de SA Internacional de Terrenos y Edificios, con NIF A15022650, por importe de 581.411,83€.

A 31/12/2021 figura como obriga pendente de aplicar ao orzamento (OPA) o importe de 581.411,83€, importe relacionado no informe do Servizo de Emprego e Empresa, derivado da sentenza firme 00876/2013 do TSX Galicia CON/AD Sec 2, recurso de apelación nº 4288/2013, do 19 de decembro de 2013 e a sentenza 00557/2018 do TSX Galicia CON/AD Sec. 2 recurso de apelación nº 4031-2017.

No presente expediente de concesión de crédito extraordinario, o financiamento prodúcese, con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do Orzamento de 2021, por un importe de cincocentos oitenta e un mil catrocentos once euros con oitenta e tres céntimos (581.411,83€).

Ademais esta operación que ten causa na aplicación do principio de “presuposto bruto”, isto é, a expresión do principio de universalidade conleva que os gastos e ingresos deben reflectirse no orzamento polos seus valores brutos, e non polos netos.

Desta forma, esta operación técnica vai permitir solucionar un problema existente coa mercantil Sociedad Anónima Internacional de Terrenos y Edificios (SAITE)

Nas listaxes que acompañan as propostas, aparece a finalidade específica das modificacións que se propoñen.

II.- Por iso, procede aprobar o proxecto de expediente de modificación do Orzamento de 2022 (M2/2022), para a súa posterior aprobación polo Pleno Municipal.

O expediente resúmese a continuación:

**INCREMENTOS NO ESTADO DE GASTOS**

I	CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS	581.411,83
	TOTAL INCREMENTOS ESTADO GASTOS:	581.411,83

**INCREMENTOS NO ESTADO DE INGRESOS**

I	REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA	581.411,83
	TOTAL INCREMENTOS ESTADO DE INGRESOS:	581.411,83

**VARIACIÓN NETA NO ESTADO DE GASTOS** 581.411,83

**VARIACIÓN NETA NO ESTADO DE INGRESOS:** 581.411,83

## DISTRIBUCION NETA DAS MODIFICACIÓNS POR CAPITULOS DE GASTO

CAPITULO		IMPORTE
I	Gastos de persoal	0,00
II	Gastos correntes en bens e servizos.	0,00
III	Gastos financeiros	0,00
IV	Transferencias correntes	0,00
V	Fondo de Continxencia e outros.	0,00
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>		<b>0,00</b>
CAPITULO		IMPORTE
VI	Investimentos reais	581.411,83
VII	Transferencias de capital	0,00
VIII	Activos financeiros	0,00
IX	Pasivos financeiros	0,00
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		<b>581.411,83</b>
<b>TOTAL</b>		<b>581.411,83</b>


## DISTRIBUCIÓN NETA DAS MODIFICACIÓNS POR CAPÍTULOS DE INGRESO

CAPITULO		IMPORTE
I	Impostos directos	0,00
II	Impostos indirectos	0,00
III	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	0,00
IV	Transferencias correntes	0,00
V	Ingresos patrimoniais	0,00
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>		<b>0,00</b>
CAPITULO		IMPORTE
VI	Alleamento de investimentos reais	0,00
VII	Transferencias de capital	0,00
VIII	Activos financeiros	581.411,83
IX	Pasivos financeiros	0,00
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		<b>581.411,83</b>
<b>TOTAL</b>		<b>581.411,83</b>

Tramítese o expediente con suxeición ao procedemento establecido pola normativa vixente.

A Coruña, 15 novembro de 2022

A Alcaldesa,





## **EXPEDIENTE M2/2022 (36E/2022/17) DUN CRÉDITO EXTRAORDINARIO, DENTRO DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2022.**

Remítese para informe desta Intervención Xeral, o expediente M2/2022 de crédito extraordinario, nos termos expostos na memoria da Alcaldía e informe-proposta da Oficina Orzamentaria que se acompaña.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LRBRL), o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, en materia orzamentaria, así como as Bases de Execución do Orzamento para 2022, constitúen o réxime legal a que someterase a Corporación para tramitar a modificación de créditos orzamentarios.

En concreto, a Sección 2ª do Capítulo I do Título VI do TRLRFL, titulada “Dos créditos e as súas modificacións”, artigo 172 e seguintes, e o seu desenvolvemento no R.D. 500/1990, regulan os expedientes de modificación de créditos, establecendo as normas que disciplinan os casos en que procede a súa tramitación, procedemento e formas de financiamento dos incrementos. No número 2 do artigo 177 e no 37.3 do R.D. 500/1990, esíxese o informe previo do Interventor respecto dos devanditos expedientes. Así mesmo a Base 7ª, apartado F) 2º das aprobadas para a execución do Orzamento de 2022, establece o carácter preceptivo do informe do Interventor nas resolucións que modifiquen créditos orzamentarios.

En cumprimento do preceptuado, o Interventor Xeral que subscribe emite o seguinte

### **INFORME.**

#### **I.- Antecedentes, exame orzamentario e de estabilidade.**

O expediente que agora se somete á Corporación un crédito extraordinario, por un importe total de 581.411,83€ que se financia co remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

O expediente aparece nivelado, dado que o importe do crédito extraordinario equivale aos recursos que se arbitran para o seu financiamento.

#### **I.- ALTAS. (€)**

Créditos Extraordinarios	581.411,83€
<b>Total altas de créditos</b>	<b>581.411,83€</b>

#### **II.- FINANCIAMENTO DOS INCREMENTOS DE GASTO. (€)**

Remanente líquido de Tesourería	581.411,83€
<b>Total financiamento</b>	<b>581.411,83€</b>

Por tanto, o expediente aparece nivelado e equilibrado en termos orzamentarios, dándose cumprimento ao disposto no artigo 16.2 do Real Decreto 500/1990.

Polo anterior, en relación co crédito extraordinario, no expediente dáse tamén cumprimento formal ao disposto no artigo 177.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que di en relación co financiamento das modificación do crédito citado o seguinte:

*“El expediente deberá especificar la concreta partida presupuestaria a incrementar y el medio o recurso que ha de financiar el aumento que se propone. Dicho aumento se financiará con cargo al remanente líquido de tesorería, con nuevos y mayores ingresos recaudados sobre los totales previstos en el presupuesto corriente, y mediante anulaciones o bajas de créditos de gastos de otras partidas del presupuesto vigente no comprometidos, cuyas dotaciones se estimen reducibles sin perturbación del respectivo servicio. “*

En termos de estabilidade orzamentaria, a nivel de créditos definitivos e previsións definitivas, está a financiarse un gasto non financeiro co remanente líquido de tesourería que non é un ingreso uqe compense o gasto a realizar, o que significa en términos de estabilidade orzamentaria que hai maior risco de déficit en términos de Sistema Europeo de Contas (SEC); pero as regras fiscales están suspendidas para este exercicio 2022 polo que aínda no caso de que provocara un resultado negativo non obrigaría a aprobar un plan económico financeiro.

O anterior é referido á estabilidade orzamentaria e infórmase ós efectos de dar cumprimento ao artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, no caso de que se puidese entender vixente aínda que non está previsto na Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria, que é posterior o citado Real Decreto, o informe da Intervención a estabilidade orzamentaria das modificacións orzamentarias.

## **II.- Exame do expediente**

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de maio de 2011 aprobouse o recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 581.411,83 € a favor de SAITE (concesionaria do mercado da praza de Lugo) por obras adicionais executadas no mercado de Lugo. No mesmo acordo aprobabase no seu punto 3 compensar a citada débeda con outra de SAITE a favor do Concello por importe de 431.317,48 €, e no punto 4 do mesmo acordo aprobouse compensar a diferenza entre ambos importes (150.094,35 €) e nese importe de saldo co IVE que SAITE tiña que ingresar pola entrega de parcelas en pago en especie pola construción do mercado, acordando finamente nese mesmo punto que quedaba pendente de ingresar por SAITE o resto do IVE repercutido pola entrega das parcelas. Non existe unha débeda financeira pola que o concello teña que facer unha transferencia diñeraria a favor de SAITE. Pero é certo que no momento de aprobar o citado acordo do 20 de maio de 2011 debeouse contabilizar a totalidade do gasto e do ingreso en compensación o formalización sen saída material de fondos para un correcto rexistro do gasto e do ingreso segundo o principio contable e orzamentario de non compensación e orzamento bruto. Polo que a habilitación orzamentaria que agora se propón o é so para poder contabilizar as compensaciones xa aprobadas na Xunta de Goberno Local de data 20 de maio de 2011.

## **III.- Aprobación do expediente pola Corporación.**

Segundo o artigo 177 do TRLRFL, a aprobación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios, suplementos e baixas por anulación, corresponden ao Pleno da Corporación, seguindo os mesmos trámites establecidos para a aprobación do Orzamento; isto é, aprobación inicial, exposición ao público por prazo de quince días, entendéndose definitivamente aprobado se non se presentasen reclamacións nin alegacións no citado prazo, ou no caso de que si se presentasen deberá adoptar o Pleno acordo expreso de aprobación definitiva resolvendo as citadas reclamacións no prazo máximo dun mes, publicándose por capítulos no BOP, data a partir da cal entrará en vigor.

En todo caso o expediente debe ser aprobado por maioría simple dos membros da Corporación presentes na sesión (artigo 47 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local).

Con todo, a teor do establecido na Lei 57/2003, de Modernización do Goberno Local, artigo 127.1.b), corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de Orzamento e enténdese, en consecuencia coa lexislación citada, que así mesmo corresponde ao devandito Órgano a aprobación do proxecto de modificación do Orzamento que agora se tramita.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.

**O INTERVENTOR XERAL.**





ALCALDÍA – PRESIDENCIA

Exercicio 2021

## LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DECRETO DA ALCALDIA

De conformidade co artigo 191.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e preceptos que a desenrolan, corresponde á Alcaldía a aprobación da liquidación do orzamento.

Efectuado o peche e liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2021 pola Tesourería Xeral, centro directivo da contabilidade de conformidade co artigo 137 do Regulamento Orgánico Municipal, e visto o informe da Tesourería Xeral de data 25 de febreiro de 2022.

### RESOLVO

1.- Aprobar o Estado de Liquidación do Orzamento do exercicio 2021 co seguinte:

### RESUMO

#### 1. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO CORRENTE.

ESTADO DE GASTOS		CREDITOS DEFINITIVOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	DIFERENCIA	PAGOS LIQUIDOS	OBRIGAS PENDENTES DE PAGO
CAPITULO 1	GASTOS DE PERSOAL	70.807.441,68	68.748.449,92	2.058.991,76	68.633.643,96	114.805,96
CAPITULO 2	GTOS BS E SERV. CORRENTES	126.089.046,62	112.353.448,46	13.735.598,16	107.664.762,08	4.688.686,38
CAPITULO 3	GASTOS FINANCEIROS	157.843,76	20.481,91	137.361,85	20.481,91	0,00
CAPITULO 4	TRANSFERENC. CORRENTES	36.688.272,76	32.182.414,67	4.505.858,09	29.812.030,25	2.370.384,42
CAPITULO 5	FONDO DE CONTINXENCIA	20.000,00	0,00	20.000,00	0,00	0,00
<b>TOTAL OPERAC. CORRENTES</b>		<b>233.762.604,82</b>	<b>213.304.794,96</b>	<b>20.457.809,86</b>	<b>206.130.918,20</b>	<b>7.173.876,76</b>
CAPITULO 6	INVERSIÓNS REAIS	51.477.761,09	17.225.409,31	34.252.351,78	14.930.388,21	2.295.021,10
CAPITULO 7	TRANSFERENC. DE CAPITAL	11.843.232,85	3.696.330,30	8.146.902,55	3.023.275,97	673.054,33
CAPITULO 8	ACTIVOS FINANCEIROS	235.837,24	234.719,75	1.117,49	216.842,34	17.877,41
CAPITULO 9	PASIVOS FINANCEIROS	7.094.491,45	7.076.007,34	18.484,11	7.076.007,34	0,00
<b>TOTAL OPERAC. CAPITAL</b>		<b>70.651.322,63</b>	<b>28.232.466,70</b>	<b>42.418.855,93</b>	<b>25.246.513,86</b>	<b>2.985.952,84</b>
<b>TOTAL CAPITULOS</b>		<b>304.413.927,45</b>	<b>241.537.261,66</b>	<b>62.876.665,79</b>	<b>231.377.432,06</b>	<b>10.159.829,60</b>



ESTADO DE INGRESOS		PREVISIONS DEFINITIVAS	DEREITOS LIQUIDADOS NETOS	DIFERENCIA	RECADACION NETA	DEREITOS PENDENTES DE COBRO
CAPITULO 1	IMPOSTOS DIRECTOS	104.908.641,14	100.982.290,26	3.926.350,88	93.138.024,21	7.844.266,05
CAPITULO 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	9.715.748,46	11.053.106,77	-1.337.358,31	10.506.975,02	546.131,75
CAPITULO 3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	51.949.930,17	44.366.204,22	7.583.725,95	39.069.289,16	5.296.915,06
CAPITULO 4	TRANSFERENC. CORRENTES	81.178.050,48	75.988.877,27	5.189.173,21	70.917.596,34	5.071.280,93
CAPITULO 5	INGRESOS PATRIMONIAIS	10.765.959,07	5.036.934,08	5.729.024,99	3.973.993,03	1.062.941,05
<b>TOTAL OPERAC. CORRENTES</b>		<b>258.518.329,32</b>	<b>237.427.412,60</b>	<b>21.090.916,72</b>	<b>217.605.877,76</b>	<b>19.821.534,84</b>
CAPITULO 6	INVERSIONS REAIS	4,00	79.800,00	-79.796,00	79.800,00	0,00
CAPITULO 7	TRANSFERENC. DE CAPITAL	17.487.739,47	1.281.397,63	16.206.341,84	1.281.397,63	0,00
CAPITULO 8	ACTIVOS FINANCEIROS	26.388.107,15	238.706,55	26.149.400,60	238.706,55	0,00
CAPITULO 9	PASIVOS FINANCEIROS	18.873.714,72	5.780.376,62	13.093.338,10	5.780.376,62	0,00
<b>TOTAL OPERAC. CAPITAL</b>		<b>62.749.565,34</b>	<b>7.380.280,80</b>	<b>55.369.284,54</b>	<b>7.380.280,80</b>	<b>0,00</b>
<b>TOTAL CAPITULOS</b>		<b>321.267.894,66</b>	<b>244.807.693,40</b>	<b>76.460.201,26</b>	<b>224.986.158,56</b>	<b>19.821.534,84</b>

## 2. LIQUIDACIÓN DE ORZAMENTOS PECHADOS.

ESTADOS DE GASTOS. OBRIGAS RECONOCIDAS PENDENTES DE PAGO A 1 DE XANEIRO	MODIF. SALDO INICIAL	PRESCRIPCION	PAGOS	OBRIGAS PENDENTES DE PAGO
9.164.183,37	-2.121,20	0,00	8.754.627,77	407.434,40

ESTADO DE INGRESOS. DEREITOS RECONOCIDOS PENDENTES DE COBRO A 1 DE XANEIRO	MODIF. SALDO INICIAL	DEREITOS CANCELADOS ANULADOS	COBROS	DEREITOS PENDENTES DE COBRO
87.983.688,29	1.258,96	5.033.669,40	19.343.313,32	63.607.964,53

## 3. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO.

RESULTADO ORZAMENTARIO - CONCEPTOS	DEREITOS RECONOCIDOS NETOS	OBRIGAS RECONOCIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a) operacions correntes	237.427.412,60	213.304.794,96		24.122.617,64
b) operacions de capital	1.361.197,63	20.921.739,61		-19.560.541,98
<b>1. Total ops. Non financeiras (a+b)</b>	<b>238.788.610,23</b>	<b>234.226.534,57</b>		<b>4.562.075,66</b>
c) activos financeiros	238.706,55	234.719,75		3.986,80
d) pasivos financeiros	5.780.376,62	7.076.007,34		-1.295.630,72
<b>2. Total ops. Financeiras (c+d)</b>	<b>6.019.083,17</b>	<b>7.310.727,09</b>		<b>-1.291.643,92</b>
<b>I RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2)</b>	<b>244.807.693,40</b>	<b>241.537.261,66</b>		<b>3.270.431,74</b>
<b>AXUSTES</b>				
3.- Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais			2.739.173,03	
4.- Desviacións de financiamento negativas do exercicio			10.678.050,43	
5.- Desviacións de financiamento positivas do exercicio			10.214.092,68	
<b>II TOTAL AXUSTES (II= 3 + 4 - 5)</b>			<b>3.203.130,78</b>	
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)</b>				<b>6.473.562,52</b>



#### 4. REMANENTES DE CRÉDITO.

CAPITULOS	REMANENTE NON COMPROMETIDO			REMANENTE COMPROMETIDO	TOTAL
	DISPONIBLE	RETIDO	AUTORIZADO		
CAPITULO 1	2.008.864,38			50.127,38	2.058.991,76
CAPITULO 2	8.582.150,10	694.793,45	438.528,73	4.020.125,88	13.735.598,16
CAPITULO 3	75.493,30	61.868,55			137.361,85
CAPITULO 4	2.630.914,44	1.113.818,49	9.716,36	751.408,80	4.505.858,09
CAPITULO 5	20.000,00				20.000,00
CAPITULO 6	21.085.213,35	103.413,51	4.243.162,68	8.820.562,24	34.252.351,78
CAPITULO 7	3.561.339,82	13.383,75	1.103.731,00	3.468.447,98	8.146.902,55
CAPITULO 8	1.117,49				1.117,49
CAPITULO 9	18.484,11				18.484,11
<b>TOTAIS</b>	<b>37.983.576,99</b>	<b>1.987.277,75</b>	<b>5.795.138,77</b>	<b>17.110.672,28</b>	<b>62.876.665,79</b>

#### 5. REMANENTE DE TESOURERÍA.

ESTADO DO REMANENTE DE TESOURERÍA	EXERCICIO 2021	
<b>1. (+) Fondos Líquidos</b>		<b>41.799.208,87</b>
<b>2. (+) Dereitos pendentes de cobro</b>		<b>85.205.002,28</b>
+ Orzamento Corrente	19.821.534,84	
+ Orzamentos Pechados	63.607.964,53	
+ Outras Operacións non Orzamentarias	1.775.502,91	
<b>3. (-) Obrigas pendentes de pagamento</b>		<b>27.775.743,57</b>
+ Orzamento Corrente	10.159.829,60	
+ Orzamentos Pechados	407.434,40	
+ Outras Operacións non Orzamentarias	17.208.479,57	
<b>4. (+) Partidas pendentes de aplicación</b>		<b>-1.361.196,88</b>
- Cobros pendentes de aplicación definitiva	2.969.099,62	
+ Pagamentos pendentes de aplicación definitiva	1.607.902,74	
<b>I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1+2-3+4)</b>		<b>97.867.270,70</b>
II. Saldos de dubidoso cobro		66.629.684,08
III. Exceso de financiación afectada		21.094.065,18
<b>IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (I-II-III)</b>		<b>10.143.521,44</b>

2.- Dar conta ao Pleno e comunicar á Administración do Estado e á Xunta de Galicia da Liquidación do exercicio 2021, segundo o disposto no artigo 193.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

A Coruña, na data de sinatura electrónica deste documento.

A ALCALDESA

AYTO.CORUÑA

PRESUPUESTO DE INGRESOS

2022

ESTADO DE EJECUCIÓN DESDE

1/1/2022

HASTA

15/11/2022

Pág:

1

Fecha Obtenidor 16/11/2022


12:35:02

Clasificación CAPITULO	DENOMINACIÓN DE LOS CAPÍTULOS	Previsiones Iniciales	Modificaciones	Previsiones Definitivas	Derechos Neutros	Ingresos Realizados	Devoluciones de Ingresos	Recaudación Líquida	Pendiente de Cobro	Estado de Ejecución
1	Impuestos directos.	104.646.191,00		104.646.191,00	95.371.934,94	69.793.434,43	2.185.461,11	67.607.973,32	27.763.961,62	-9.274.256,06
2	Impuestos indirectos.	12.271.890,00		12.271.890,00	10.057.327,34	10.000.593,36	168.114,12	9.832.479,24	224.848,10	-2.214.632,66
3	Tasas, precios públicos y otros ingresos.	59.323.463,12	1.232.696,56	60.556.179,68	38.670.690,24	26.730.641,80	374.119,71	26.356.522,09	12.314.168,15	-2.1.885.489,44
4	Transferencia corrientes.	84.237.796,69	7.855.727,12	92.093.523,81	76.531.881,33	77.160.364,21	628.482,88	76.531.881,33		-15.561.642,48
5	Ingresos patrimoniales.	8.222.382,32		8.222.382,32	1.979.349,88	1.109.217,96	1.109.217,96	1.109.217,96	870.131,92	-6.243.032,44
6	Enajenación de inversiones reales.	3.343.924,00		3.343.924,00	191.716,52	191.716,52		191.716,52		-3.152.207,48
7	Transferencias de capital.	16.636.684,65	12.884.436,37	29.521.121,02	1.540.115,51	1.779.807,46		1.540.115,51		-2.7.981.005,51
8	Activos financieros.	2,00	19.495.129,56	19.495.131,56	198.806,50	198.806,50		198.806,50		-19.296.325,06
9	Pasivos financieros.	21.354.646,22	5.417.558,21	26.772.204,43	6.687.949,03	6.687.949,03		6.687.949,03		-20.084.255,40
	<b>Suma Total Ingresos.</b>	<b>310.037.000,00</b>	<b>46.885.547,82</b>	<b>356.922.547,82</b>	<b>231.229.771,29</b>	<b>193.652.531,27</b>	<b>3.595.869,77</b>	<b>190.056.661,50</b>	<b>41.173.105,79</b>	<b>-125.682.776,53</b>


PRESUPUESTO DE GASTOS

2022

Clasificación CAPITULO	DENOMINACIÓN DE LOS CAPÍTULOS	Creditos Iniciales	Modificaciones	Creditos Totales	Obligaciones Reconocidas	Pagos Realizados	Reintegros de Gastos	Pagos Líquidos	Pendiente de Pago	Estado de Ejecución
1	GASTOS DE PERSONAL.	71.000.000,00	1.622.714,47	72.622.714,47	56.632.912,67	57.146.273,21	513.360,54	56.632.912,67	2.300.060,13	15.989.801,80
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS.	131.939.793,52	2.684.411,85	134.624.205,37	91.927.665,83	90.216.933,42	589.327,72	89.627.605,70	42.686.539,54	42.686.539,54
3	GASTOS FINANCIEROS.	156.831,33		156.831,33	39.464,82	39.464,82		39.464,82		117.366,51
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES.	35.256.966,26	5.509.154,25	40.766.120,51	30.384.773,42	29.979.584,99	10.135,85	29.969.449,14	415.324,28	10.381.347,09
5	FONDD DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	20.000,00		20.000,00						20.000,00
6	INVERSIONES REALES.	59.036.101,38	31.728.603,99	90.764.705,37	13.494.785,90	13.128.249,62	39.367,87	13.088.881,75	345.904,15	77.329.919,47
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.	4.084.020,91	5.155.190,17	9.239.211,08	1.073.923,97	1.007.765,26		1.007.765,26	66.158,71	8.165.287,11
8	ACTIVOS FINANCIEROS.	860.001,00	185.473,09	1.045.474,09	1.026.927,54	1.026.338,70		1.026.338,70	588,84	18.546,55
9	PASIVOS FINANCIEROS.	7.683.285,60		7.683.285,60	5.632.151,70	5.632.151,70		5.632.151,70		2.051.133,90
	<b>Suma Total Gastos.</b>	<b>310.037.000,00</b>	<b>46.885.547,82</b>	<b>356.922.547,82</b>	<b>200.152.605,85</b>	<b>198.176.761,72</b>	<b>1.152.191,98</b>	<b>197.024.569,74</b>	<b>3.128.036,11</b>	<b>156.769.941,97</b>
	<b>Diferencia...</b>				<b>31.077.165,44</b>	<b>-4.524.230,45</b>	<b>2.443.677,79</b>	<b>-6.967.908,24</b>	<b>38.045.073,68</b>	<b>31.077.165,44</b>





Área / Unidad PRESUPOSTOS E ESTUDOS ECONOMICOS SH0000	Documento 36E16I00N9	
Código de verificación  2K4S 6C17 4B3Q 1O1I 0QYV	Expediente 36E/2022/17	
	Fecha 16-11-2022	

**O/A concelleiro/a-secretario/a da Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 126.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, CERTIFICO:**

**Que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 24 de novembro de 2022 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:**

**ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR**

**Oficina Orzamentaria**

**Asunto: Aprobación do proxecto de expediente M2/2022 de concesión dun crédito extraordinario e modificación do Anexo de Inversións do Orzamento de 2022**

Previa deliberación, de conformidade co informe-propuesta que consta no expediente e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, **en canto serve de motivación ao mesmo**, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, **por unanimidade**, en votación ordinaria, acórdase:

***El/La Concejal/a-Secretario/a de la Junta de Gobierno Local, de conformidad con el artículo 126.4 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, CERTIFICO:***

***Que la Junta de Gobierno Local en sesión extraordinaria y urgente celebrada el día 24 de noviembre de 2022 adoptó, entre otros, el siguiente acuerdo:***

**ECONOMÍA, HACIENDA Y RÉGIMEN INTERIOR**

**Oficina Presupuestaria**

***Asunto: Aprobación del proyecto de expediente M2/2022 de concesión de un crédito extraordinario y modificación del anexo de inversiones del Presupuesto 2022***

***Previa deliberación, de conformidad con el informe-propuesta que consta en el expediente y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente acuerdo, en cuanto sirve de motivación al mismo***, de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, ***por unanimidad***, en votación ordinaria, se acuerda:



<p>1. Aprobar o proxecto de expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2022 (M2/2022), mediante concesión dun crédito extraordinario por importe de cincocentos oitenta e un mil catrocentos once euros con oitenta e tres céntimos (581.411,83€). Todo iso reflectido na listaxe denominada “Expediente M2/2022” que se incorpora ao expediente.</p> <p>2. Aprobar o proxecto de distribución do financiamento procedente do remanente líquido de Tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do orzamento de 2021. Todo iso reflectido no listado “Expediente M2/2022. Financiamento”.</p> <p>3. Aprobar o proxecto de modificación do Anexo de Inversións do Orzamento de 2022, incorporando as alteracións que resultan da modificación de créditos orzamentarios que se realizan neste expediente, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado “Expediente M2/2022. Modificacións do Anexo de Inversións”.</p> <p>4. O proxecto de expediente unha vez aprobado, someterase a aprobación inicial polo Pleno municipal por maioría simple dos membros presentes co ditame previo da Comisión informativa de Economía, Facenda e Administración</p>	<p><i>1. Aprobar el proyecto de expediente de modificación del estado de gastos del Presupuesto 2022 (M2/2022), mediante concesión de un crédito extraordinario por importe de quinientos ochenta y un mil cuatrocientos once euros con ochenta y tres céntimos (581.411,83€). Todo ello reflejado en el listado denominado “Expediente M2/2022” que se incorpora al expediente.</i></p> <p><i>2. Aprobar el proyecto de distribución de la financiación procedente del remanente líquido de Tesorería para gastos generales resultante de la liquidación del presupuesto de 2021. Todo ello reflejado en el listado “Expediente M2/2022. Financiación”.</i></p> <p><i>3. Aprobar el proyecto de modificación del Anexo de Inversiones del Presupuesto de 2022, incorporando las alteraciones que resultan de la modificación de créditos presupuestarios que se realizan en este expediente, detalladas en el listado que se incorpora al mismo titulado “Expediente M2/2022. Modificaciones del Anexo de Inversiones”.</i></p> <p><i>4. El proyecto de expediente una vez aprobado, se someterá a aprobación inicial por el Pleno municipal por mayoría simple de los miembros presentes con el dictamen previo de la Comisión informativa de Economía, Hacienda</i></p>
--	--



<p>Xeral.</p> <p>5. Facultar á Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.</p> <p><b>E para que así conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación na Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento, que asina xunto a min o secretario xeral do Pleno, Manuel José Díaz Sánchez, desenvolvendo as funcións de órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e encargado das funcións de fe pública segundo a disposición adicional 8ª da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a reserva dos termos definitivos nos que quede redactada a acta.</b></p> <p><b>O/A Concelleiro/a-secretario/a</b></p>	<p><i>y Administración General.</i></p> <p><i>5. Facultar a la Alcaldesa para la adopción de los decretos que sean necesarios para dar efectividad a lo acordado.</i></p> <p><i><b>Y para que así conste a los efectos oportunos, expido la presente certificación en A Coruña, en la fecha de firma electrónica del presente documento, que firma junto a mí el secretario general del Pleno, Manuel José Díaz Sánchez, desempeñando las funciones de órgano de apoyo a la Junta de Gobierno Local y encargado de las funciones de fe pública según la disposición adicional 8ª de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, a reserva de los términos definitivos en los que quede redactado el acta.</b></i></p> <p><i><b>Confrontado e conforme, o secretario xeral do Pleno</b></i></p>
---	---



**Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña**

**Expediente M2/2022:**

AREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	VINCULACIÓN	FINALIDADE ESPECÍFICA
COMERCIO, MERCADOS, CONSUMO E BARRIOS	MERCADOS E FEIRAS	CRÉDITO EXTRAORDINARIO	61.4312.62290	Recoñecemento de crédito	581.411,83	Crear código	CUALITATIVA	Inexistencia de crédito para o aboamento das obras adicionais do mercado Eusebio da Guarda (praza de Lugo)

**Expediente M2/2022. Financiamento:**

ÁREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	CRÉDITO EXTRAORDINARIO	IMPORTE	RLT XERAL
COMERCIO, MERCADOS, CONSUMO E BARRIOS	MERCADOS E FEIRAS	CRÉDITO EXTRAORDINARIO	61.4312.62290	Recoñecemento de crédito	581.411,83	581.411,83	581.411,83

**Expediente M2/2022. Modificacións do Anexo de Investimentos:**

AREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	VINCULACIÓN	FINALIDADE ESPECÍFICA
COMERCIO, MERCADOS, CONSUMO E BARRIOS	MERCADOS E FEIRAS	CRÉDITO EXTRAORDINARIO	61.4312.62290	Recoñecemento de crédito	581.411,83	Crear código	CUALITATIVA	Inexistencia de crédito para o aboamento das obras adicionais do mercado Eusebio da Guarda (praza de Lugo)





Área / Unidad PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONOMICOS SH0000 MTAG	Documento 36E16I00OW
Código de verificación  344U 491V 2410 6T1N 08D3	Expediente 36E/2022/17
	Fecha 24-11-2022

**Expediente M2/2022 de concesión dun crédito extraordinario e modificación do anexo de investimentos do Orzamento 2022**

**Informe proposta**

I. A regulación legal das modificacións orzamentarias atópase contida fundamentalmente nos artigos 177 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante, TRLRFL), así como na sección 2ª do capítulo II do Real decreto 500/1990, do 20 de abril (en diante, RD 500/1990). A Base 7ª das aprobadas para a execución do Orzamento de 2022 remítese ás normas legais vixentes para a tramitación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

De acordo coas normas apuntadas, os créditos extraordinarios e suplementos de crédito son modificacións do orzamento de gastos, mediante os que se asigna ou se incrementa crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito, no caso dos créditos extraordinarios, ou é insuficiente o existente, no caso dos suplementos de crédito. O seu financiamento pode realizarse con cargo ao remanente líquido de tesourería, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, ou mediante anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras aplicacións, non comprometidos e cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

Neste expediente M2/2022 o crédito extraordinario é para atender e despois poder compensar, o recoñecemento de crédito, aprobado no punto 2 do acordo da XGL, do 20 de maio de 2011, onde se aprobaban á vista dos informes do arquitecto municipal, por importe de 581.411,83 (IVE excluído), obras adicionais realizadas no mercado Eusebio da Guarda (praza de Lugo) pola Sociedade Anónima Internacional de Terrenos y Edificios (SAITE), aplicación 61.4312.62290.

Nese mesmo acordo aprobábase o saldo resultante de recoñecer o importe das obras adicionais, como débeda do Concello con SAITE, e o importe 374.638,26€ que SAITE debía ao Concello. Este importe, segundo un acordo da XGL de 01/09/2006, ten a súa orixe na diferenza entre o valor da parcela adxudicada a SAITE, M1-b do Polígono de Vioño, valorada en 7.435.556,50 (sen IVE) e o importe



## Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

total dos conceptos debidos polo Concello polas obras do Mercado Eusebio da Guarda e ao resarcimiento da diminución de superficie obxecto de explotación por parte do concesionario.

Estes puntos foron impugnados ante os tribunais, o que deu lugar a distintas sentenzas. A sentenza do TSX Galicia 00876/2013 no único que difire do acordo de 2011 é en que se pronuncia sobre a devolución do aval e aboamento de gastos derivados do seu mantemento, por importe de 51.148,97€ máis intereses legais desde esa data. Acórdase compensar o saldo resultante co IVE repercutido que SAITE debía ao Concello pola entrega da parcela de Vioño.

O 19/06/2014, a Tte. de Alcalde Responsable da Área de Facenda e Administración Pública resolve aprobar os gastos derivados do mantemento do aval, que totaliza un montante de 66.055,05€ e compensar co IVE repercutido que SAITE debe. Contra esta resolución SAITE presenta un recurso contencioso administrativo que o tribunal declara inadmisibile, sentenza nº 159/2016, posteriormente SAITE presenta recurso de apelación nº 4031/2017 contra a sentenza indicada. O tribunal resolve que a sentenza non ha de comportar un pronunciamento sobre a inadmisibilidade do recurso por canto o acto en si é susceptible de recurso, senón que o pronunciamento ha de ser desestimatorio.

En virtude do principio do orzamento bruto, o servizo xestor e o servizo de orzamentos entenden que o máis correcto é consignar o importe total que o Concello debe a SAITE polas obras adicionais no mercado da praza de Lugo 581.411,83€, para despois compensar por unha banda, os 374.638,26€ a favor do Concello pola diferenza de valor da parcela e, doutra banda, os 56.679,22€ debidos por SAITE ao Concello en concepto de demolicións nas construcións provisionais do mercado na praza de Pontevedra.

A diferenza 150.094,38€, compensarían ata ese importe o IVE debido por SAITE pola entrega da parcela, polo que non habería saída material de fondos. Sería dotar orzamentariamente a aplicación para despois poder facer os correspondentes rexistros contables.

O servizo xestor propuxo a Tesourería-Contabilidade deixar a 31/12/2021 como obrigación pendente de aplicar ao orzamento (OPA) o importe de 581.411,83€, importe relacionado no informe do Servizo de Emprego e Empresa. Achéganse as sentenzas que dan lugar aos importes sinalados 00876/2013 do TSX Galicia CON/AD Sec. 2 recurso de apelación nº 4288/2013, do 19 de decembro de 2013, e a sentenza 00557/2018 do TSX Galicia CON/AD Sec. 2 recurso de apelación nº 4031-2017.

De acordo co Informe do Interventor Xeral de Estabilidade Orzamentaria no marco SEC 2010 á liquidación orzamentaria e económica do exercicio 2021, con data do 19.04.2022, ao estar suspendidas as regras fiscais non resulta obrigado dar cumprimento ao artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade e Sustentabilidade financeira de destinar o superávit a amortización de débeda financeira, aínda que de acordo cos criterios que vén mantendo o Ministerio debería destinarse o superávit en primeiro lugar, co uso do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais en



## Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

canto fonte de financiamento, para o pago das obrigacións pendentes de imputar ao orzamento a 31 de decembro de 2021 da conta 413, xa que o cumprimento do Período Medio de Pago (PMP) segue en vigor.

Por iso, procede dotar dun crédito a aplicación 61.4312.62290 para poder imputar a obrigación derivada das obras adicionais realizadas por SAITE no Mercado Eusebio da Guarda e facer os correspondentes rexistros contables das cantidades debidas por SAITE ao Concello por diferentes conceptos, este importe figura na liquidación do orzamento 2021, na conta 413.

No presente expediente de concesión de crédito extraordinario, o financiamento prodúcese, con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do Orzamento de 2021, por un importe de cincocentos oitenta e un mil catrocentos once euros con oitenta e tres céntimos (581.411,83€).

II. O expediente de concesión dun crédito extraordinario e modificación do anexo de investimentos que se somete ao Excmo. Concello Pleno, vén acompañado da correspondente Memoria xustificativa, na que se ordena a incoación do expediente. Nesta Memoria e na restante documentación que se une ao expediente, recóllense os aspectos mencionados no artigo 37.2 do RD 500/1990 (artigo 177 do TRLRFL), que establece como aplicables as normas sobre información, reclamacións e publicidade, recollidas nos artigos 20 e 22 do propio Real Decreto e 169 a 171 do TRLRFL.

O expediente M2/2022 de modificación do Orzamento de 2022 que foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co establecido no art. 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril (modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local), vistos os informes obrantes no mesmo e previo ditame emitido pola Comisión informativa de Economía, Facenda e Administración Xeral sométese a aprobación polo Pleno da Corporación. Unha vez producida a aprobación inicial por maioría simple dos membros presentes, o expediente haberá de exporse ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o propio Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se, durante o citado prazo, non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Aprobada definitivamente a modificación publicarase resumida por capítulos no BOP, entrando en vigor unha vez efectuada dita publicación.

III. Conforme a normativa citada, formúlase ao Excmo. Concello Pleno a seguinte:

### **Proposta de acordo:**

1. Aprobar o expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2022 (M2/2022), mediante concesión dun crédito extraordinario por importe de cincocentos oitenta e un mil catrocentos once euros con oitenta e tres céntimos (581.411,83€). Todo iso reflectido na listaxe denominada "Expediente M2/2022" que se incorpora ao expediente.



**Ayuntamiento de A Coruña**  
**Concello da Coruña**

2. Aprobar a distribución do financiamento procedente do remanente líquido de Tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do orzamento de 2021. Todo iso reflectido na listaxe “Expediente M2/2022. Financiamento”.
3. Aprobar a modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento de 2022, incorporando as alteracións que resultan da modificación de créditos orzamentarios que se realizan neste expediente, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulada “Expediente M2/2022. Modificacións do Anexo de Investimentos”.
4. Facultar á Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

A Coruña, na data de firma dixital deste documento electrónico.

M<sup>a</sup> Teresa Arcas González  
Xefa de Departamento de Orzamentos e Estudos Económicos

Conforme,  
Manuel Ángel Jove Losada  
Director da área de Economía, Facenda e Réxime Interior

V<sup>o</sup> e praxe  
Jose Manuel Lage Tuñas  
Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior



**Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña**

**Expediente M2/2022:**

AREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	VINCULACIÓN	FINALIDADE ESPECÍFICA
COMERCIO, MERCADOS, CONSUMO E BARRIOS	MERCADOS E FEIRAS	CRÉDITO EXTRAORDINARIO	61.4312.62290	Recoñecemento de crédito	581.411,83	Crear código	CUALITATIVA	Inexistencia de crédito para o aboamento das obras adicionais do mercado Eusebio da Guarda (praza de Lugo)

**Expediente M2/2022. Financiamento:**


ÁREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	CRÉDITO EXTRAORDINARIO	IMPORTE	RLT XERAL
COMERCIO, MERCADOS, CONSUMO E BARRIOS	MERCADOS E FEIRAS	CRÉDITO EXTRAORDINARIO	61.4312.62290	Recoñecemento de crédito	581.411,83	581.411,83	581.411,83

**Expediente M2/2022. Modificacións do Anexo de Investimentos:**

AREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	VINCULACIÓN	FINALIDADE ESPECÍFICA
COMERCIO, MERCADOS, CONSUMO E BARRIOS	MERCADOS E FEIRAS	CRÉDITO EXTRAORDINARIO	61.4312.62290	Recoñecemento de crédito	581.411,83	Crear código	CUALITATIVA	Inexistencia de crédito para o aboamento das obras adicionais do mercado Eusebio da Guarda (praza de Lugo)



**Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña**

Área / Unidad ACTIVIDAD CORPORATIVA SG1000 SMP	Documento 12316I00DA	
Código de verificación  5942 5209 2D0D 0L3G 0D8Z	Expediente 123/2022/54	
	Fecha 29-11-2022	

Asunto Certificado Asunto 2 Pleno extraordinario e urgente do 29.11.2022 Aprobación inicial do expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2022 (M2/2022)	Interesado
---	------------

**Manuel José Díaz Sánchez**, secretario xeral do Pleno do excelentísimo Concello da Coruña,

**Expte. 36E/2022/17**

**Aprobación inicial do expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2022 (M2/2022) mediante concesión dun crédito extraordinario e modificación do anexo de investimentos.**

**CERTIFICO:** Que o Excmo. Concello Pleno en sesión extraordinaria e urgente celebrada o día 29 de novembro de 2022 adoptou, por maioría absoluta legal, os seguintes acordos, co voto a favor dos Grupos Municipais do Partido Socialista (9 votos), do Grupo Municipal da Marea Atlántica (4 votos), do Bloque Nacionalista Galego (2 votos) e das concelleiras non adscritas dona Mónica Martínez Lema (1 voto) e dona Isabel Faraldo Calvo (1 voto) e a abstención do Partido Popular (9 abstencións):

1. Aprobar o expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2022 (M2/2022), mediante concesión dun crédito extraordinario por importe de cincocentos oitenta e un mil catrocentos

*Manuel José Díaz Sánchez*, secretario general del Pleno del excelentísimo Ayuntamiento de A Coruña,

*Expte. 36E/2022/17*

*Aprobación inicial del expediente de modificación del estado de gastos del Presupuesto 2022 (M2/2022) mediante concesión de un crédito extraordinario y modificación del anexo de inversiones*

*CERTIFICO:* Que el Excmo. Ayuntamiento Pleno en sesión extraordinaria y urgente celebrada el día 29 de noviembre de 2022 adoptó, por mayoría absoluta legal, los siguientes acuerdos, con el voto a favor de los Grupos Municipales del Partido Socialista (9 votos), del Grupo Municipal de la Marea Atlántica (4 votos), del Bloque Nacionalista Galego (2 votos) y de las concejales no adscritas doña Mónica Martínez Lema (1 voto) y doña Isabel Faraldo Calvo (1 voto) y la abstención del Partido Popular (9 abstenciones):

*1. Aprobar el expediente de modificación del estado de gastos del Presupuesto 2022 (M2/2022), mediante concesión de un crédito extraordinario por importe de quinientos ochenta y un mil cuatrocientos*



**Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña**

once euros con oitenta e tres céntimos (581.411,83€). Todo iso reflectido na listaxe denominada “Expediente M2/2022” que se incorpora ao expediente. (achégase anexo)

2.Aprobar a distribución do financiamento procedente do remanente líquido de Tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do orzamento de 2021. Todo iso reflectido na listaxe “Expediente M2/2022. Financiamento”. (Achégase Anexo)

3.Aprobar a modificación do Anexo de Inversións do Orzamento de 2022, incorporando as alteracións que resultan da modificación de créditos orzamentarios que se realizan neste expediente, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulada “Expediente M2/2022. Modificacións do Anexo de Inversións”. (Achégase anexo)

4.Facultar á Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

E para que así conste, expido e asino este certificado, ao amparo e coa condición prevista no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e a resultados do texto definitivo da acta.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

Vº e Pr  
Segunda tenenta de alcaldesa  
Eudoxia María Neira Fernández

*once euros con ochenta y tres céntimos (581.411,83€). Todo ello reflejado en el listado denominado “Expediente M2/2022” que se incorpora al expediente. (Se adjunta Anexo)*

*2.Aprobar la distribución de la financiación procedente del remanente líquido de Tesorería para gastos generales resultante de la liquidación del presupuesto de 2021. Todo ello reflejado en el listado “Expediente M2/2022. Financiación”. (Se adjunta Anexo)*

*3.Aprobar la modificación del Anexo de Inversiones del Presupuesto de 2022, incorporando las alteraciones que resultan de la modificación de créditos presupuestarios que se realizan en este expediente, detalladas en el listado que se incorpora al mismo titulado “Expediente M2/2022. Modificaciones del Anexo de Inversiones”. (Se adjunta Anexo)*

*4.Facultar a la Alcaldesa para la adopción de los decretos que sean necesarios para dar efectividad a lo acordado.*

*Y para que así conste, expido y firmo este certificado, al amparo y con la salvedad prevista en el artículo 206 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales y a resultados del texto definitivo del acta.*

*A Coruña, en la fecha de la firma electrónica de este documento*

Secretario xeral do Pleno,  
Manuel José Díaz Sánchez



## Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

### Expediente M2/2022:

AREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	VINCULACIÓN	FINALIDADE ESPECÍFICA
COMERCIO, MERCADOS, CONSUMO E BARRIOS	MERCADOS E FEIRAS	CRÉDITO EXTRAORDINARIO	61.4312.62290	Recoñecemento de crédito	581.411,83	Crear código	CUALITATIVA	Inexistencia de crédito para o aboamento das obras adicionais do mercado Eusebio da Guarda (praza de Lugo)

### Expediente M2/2022. Financiamento:

ÁREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	CRÉDITO EXTRAORDINARIO	IMPORTE	RLT XERAL
COMERCIO, MERCADOS, CONSUMO E BARRIOS	MERCADOS E FEIRAS	CRÉDITO EXTRAORDINARIO	61.4312.62290	Recoñecemento de crédito	581.411,83	581.411,83	581.411,83

### Expediente M2/2022. Modificacións do Anexo de Investimentos:

AREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	VINCULACIÓN	FINALIDADE ESPECÍFICA
COMERCIO, MERCADOS, CONSUMO E BARRIOS	MERCADOS E FEIRAS	CRÉDITO EXTRAORDINARIO	61.4312.62290	Recoñecemento de crédito	581.411,83	Crear código	CUALITATIVA	Inexistencia de crédito para o aboamento das obras adicionais do mercado Eusebio da Guarda (praza de Lugo)



**RESUMEN DE MODIFICACIONES DE CRÉDITO**

Expediente: **M2022.002** Fecha: **15/11/2022** Grupo Apuntes:  
 Texto Explicativo: **EXPEDIENTE M2022.002 CONCESION DE UN CREDITO EXTRAORDINARIO Y MODIFICACION DE**  
 Situación Expediente: **En Elaboración** Fecha Contabilización:

**PRESUPUESTO DE GASTOS**

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	ALTAS	BAJAS
<b>A) OPERACIONES CORRIENTES</b>			
1.-	GASTOS DE PERSONAL.		
2.-	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS.		
3.-	GASTOS FINANCIEROS.		
4.-	TRANSFERENCIAS CORRIENTES.		
5.-	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS		
<b>B) OPERACIONES DE CAPITAL</b>			
6.-	INVERSIONES REALES.	581.411,83	
7.-	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.		
8.-	ACTIVOS FINANCIEROS.		
9.-	PASIVOS FINANCIEROS.		
<b>TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS</b>		<b>581.411,83</b>	

**PRESUPUESTO DE INGRESOS**

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	ALTAS	BAJAS
<b>A) OPERACIONES CORRIENTES</b>			
1.-	Impuestos directos.		
2.-	Impuestos indirectos.		
3.-	Tasas, precios públicos y otros ingresos.		
4.-	Transferencia corrientes.		
5.-	Ingresos patrimoniales.		
<b>B) OPERACIONES DE CAPITAL</b>			
6.-	Enajenación de inversiones reales.		
7.-	Transferencias de capital.		
8.-	Activos financieros.	581.411,83	
9.-	Pasivos financieros.		
<b>TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS</b>		<b>581.411,83</b>	

**RESUMEN POR RECURSO DE FINANCIACION**

Expediente: **M2022.002** Fecha: **15/11/2022** Grupo Apuntes:  
Texto Explicativo: **EXPEDIENTE M2022.002 CONCESION DE UN CREDITO EXTRAORDINARIO Y MODIFICACION DE**  
Situación Expediente: **En Elaboración** Fecha Contabilización:

**5) Remanente de Tesorería (Financiación General) 581.411,83**

**TOTAL POR RECURSOS DE FINANCIACION 581.411,83**

Total bajas por anulación

**RESUMEN DE EXPEDIENTES POR TIPO DE MODIFICACION**

Expediente: **M2022.002** Fecha: **15/11/2022** Grupo Apunte  
 Texto Explicativo: **EXPEDIENTE M2022.002 CONCESION DE UN CREDITO EXTRAORDINARIO Y MODIFICACION D**  
 Situación Expediente: **En Elaboración** Fecha Contabilización:

<u>RESUMEN DE MODIFICACIONES DE GASTOS</u>	<u>Importe EURO</u>
A) CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS	581.411,83
B) SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	
C) AMPLIACIONES DE CREDITO	
D) INCORPORACION DE REMANENTES	
E) CRÉDITOS GEN. POR INGRESO	
F) BAJAS POR ANULACION	
G) TRANFERENCIAS POSITIVAS	
H) TRANFERENCIAS NEGATIVAS	
I) AJUSTES AL ALZA POR PRÓRROGA PRESUPUESTARIA	
<hr/>	
<b>TOTAL MODIFICACIONES DE GASTOS</b>	<b>581.411,83</b>

<u>RESUMEN DE MODIFICACIONES DE INGRESOS</u>	
A) AUMENTO DE LAS PREVISIONES	581.411,83
B) DISMINUCION DE LAS PREVISIONES	
<hr/>	
<b>TOTAL MODIFICACIONES DE INGRESOS</b>	<b>581.411,83</b>



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CORUÑA

##### Oficina Orzamentaria

*Aprobación inicial dos expedientes M2/2022 e M4/2022 modificativos do Orzamento de 2022*

##### ANUNCIO

O Excmo. Concello Pleno, en sesión extraordinaria e urxente realizada o día 29 de novembro de 2022, aprobou inicialmente os seguintes expedientes:

- M2/2022 de concesión dun crédito extraordinario e modificación do anexo de investimentos do Orzamento 2022
- M4/2022 de concesión de suplementos de crédito, créditos extraordinarios, baixas por anulación de crédito, modificación do Anexo de Investimentos, modificación do Anexo de Subvencións nominativas e modificación das Bases de Execución do Orzamento 2022

Os referidos expedientes permanecerán expostos ao público, despois da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da Corporación, no Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos, sito no número 20 da rúa Franja, e no taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gob.es/>, durante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación no citado boletín oficial, a efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o teor do disposto no artigo 169.1, en relación co 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL).

Se ao remate do período de exposición pública non se presentasen reclamacións, os expedientes consideraranse definitivamente aprobados, segundo o establecido na aludida lexislación.

Publícase para os efectos previstos na lexislación citada.

A Coruña, 29 de novembro de 2022


Director de Economía, Facenda e Réxime Interior,

Manuel Ángel Jove Losada

2022/7530



**Ayuntamiento de A Coruña**  
**Concello da Coruña**

Área / Unidad ASUNTOS GENERALES IT2210A ACM	Documento 41516I00CN	
Código de verificación  3A4W 4V6Z 5H04 4F3I 04BN	Expediente 415/2022/7	
	Fecha 26-12-2022	

DON MANUEL JOSÉ DÍAZ SÁNCHEZ, SECRETARIO GENERAL DEL PLENO DEL EXCMO. AYUNTAMIENTO DE A CORUÑA

CERTIFICO:

Que la Jefa de Unidad del Registro e Información de María Pita emitió el informe que se transcribe literalmente:

*“El anuncio relativo al expediente M2/2022 de concesión de un crédito extraordinario y modificación del anexo de inversiones del presupuesto 2022, fue expuesto en el tablón de edictos del Ayuntamiento de A Coruña durante el período comprendido entre el 1 y el 23 de diciembre de 2022 inclusive.*

*Examinado en soporte informático el Registro General de Entrada de este Ayuntamiento desde el 1 de diciembre de 2022 hasta la hora y fecha, no figura presentada alegación alguna a dicho anuncio”.*

Y para que conste y surta efectos consiguientes, expido la presente de orden y con el visto bueno de la Sra. Alcaldesa, a fecha de firma electrónica.

Vº. Bº.

La Alcaldesa

PD,

El Concejal de Economía, Hacienda y Régimen Interior

Este documento ha sido firmado por ACTIVIDAD CORPORATIVA. AYTO A CORUÑA a las 08:54 del día 27/12/2022. Mediante el código de verificación 2NS01P2S6B4U4T6z11KA puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/Anotada en el Libro de Resolución de Alcaldía con el núm. COR/DEC/9989/2022 el 27/12/2022



**Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos**  
Aprobación definitiva M2/2022

Anotada en el Libro de Resoluciones  
de la Alcaldía con el núm: DEC/AYT/9989/2022  
27/12/2022

**DECRETO**

Á vista do informe proposta emitido polo Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos en data 26 de decembro de 2022 e en virtude das atribucións ao meu cargo conferidas pola lexislación vixente,

**RESOLVÍN:**

Considerar definitivamente aprobado o expediente M2/2022 de concesión dun crédito extraordinario e modificación do anexo de investimentos do Orzamento 2022, e publicar o Orzamento, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, de acordo coas cifras resultantes do aludido expediente.

Alcaldía-Presidencia da cidade da Coruña, a 26 de decembro de 2022

**A Alcaldesa,**

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CORUÑA

##### Oficina Orzamentaria

*Aprobación definitiva do expediente M2/2022 modificativo do orzamento 2022*

##### Anuncio

O Excmo. Concello Pleno, en sesión extraordinaria e urgente realizada o día 29 de novembro de 2022, aprobou inicialmente o expediente M2/2022 de concesión dun crédito extraordinario e modificación do anexo de investimentos do Orzamento 2022.

O expediente citado foi sometido a exposición pública para reclamacións durante o prazo de quince días, mediante anuncio publicado no BOP número 227, do 30 de novembro de 2022. Durante o citado prazo, non se presentaron reclamacións contra deles, segundo resulta da certificación expedida polo Secretario Xeral do Pleno do Excmo. Concello da Coruña, polo que, de conformidade co disposto no art. 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo en relación co 177 e ss. do propio texto legal, a Alcaldesa mediante Decreto do 26 de decembro de 2022, resolveu considerar definitivamente aprobado o expediente M2/2022 e publicar o Orzamento, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, de acordo coas cifras resultantes do aludido expediente.

Segundo o disposto no art. 169.3, en relación co 177.2 e o 179.4, todos do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL), e o 49 do RD 500/90, do 20 de abril, publícase o resumo por capítulos do Orzamento, incorporando as modificacións do devandito expediente M2/2022:

#### Resumo por capítulos

##### Estado de gastos

CAP	INICIAL	ACTUAL	M2/2022	DEFINITIVO
1	71.000.000,00	72.622.714,47		72.622.714,47
2	131.939.793,52	134.624.205,37		134.624.205,37
3	156.831,33	156.831,33		156.831,33
4	35.256.966,26	40.766.120,51		40.766.120,51
5	20.000,00	20.000,00		20.000,00
6	59.036.101,38	90.764.705,37	581.411,83	91.346.117,20
7	4.084.020,91	9.239.211,08		9.239.211,08
8	860.001,00	1.045.474,09		1.045.474,09
9	7.683.285,60	7.683.285,60		7.683.285,60
	310.037.000,00	356.922.547,82	581.411,83	357.503.959,65

Publícase para xeral coñecemento. Faise constar que contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo segundo o teor do establecido no artigo 171 do TRLRFL, que se presentará ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses. O prazo contarase dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio. Poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime procedente.

A Coruña, 27 de decembro de 2022

Director de Economía, Facenda e Réxime Interior

Manuel Ángel Jove Losada